

Fiare e Arç impulsan o seguro ético e solidario

Fiare e a cooperativa Arç Corredoria d'Assegurances asinaron en setembro de 2010 un convenio de colaboración para impulsar o desenvolvemento do seguro ético e solidario e a construción do mercado social.

Arç é unha correduría de seguros, cooperativa de traballo asociado, con 28 anos de experiencia, especializada na xestión de programas de seguros para a economía social e solidaria e para instalacións de enerxías renovables. Forma parte da Xarxa d'Economía Solidaria de Catalunya e da Comissió de Mercat Social de Reas (Rede de Redes de Economía Alternativa e Solidaria).

Arç foi o primeiro mediador de se-



guros de Europa que obtivo o rexistro para a xestión do seguro ético e solidario, co máximo nivel de rexistro (RG2).

O obxectivo do convenio suscrito é mellorar os programas de seguros vixentes contratados polas empresas ou entidades asociadas a

Fiare ou, se aínda non tivesen contratadas pólizas de seguros, pór á súa disposición as mellores ofertas que se lograran, grazas á aplicación do criterio de compra colectiva en relación coa idoneidade de coberturas, custos e criterios de emisión e xestión.

Dos produtos desenvolvidos por Arç a través do convenio convén destacar o servizo Due Dilligence, de programas de seguros para Fiare como entidade financeira, e o diagnóstico e optimización de programas de seguros para as empresas e entidades asociadas a Fiare.

Para máis información, solicitude de proxectos, e seguros para particulares: www.arccoop.coop/fiare.

Que é o mercado social?

O mercado social é un conxunto de transaccións de produtos e servizos realizados polas empresas de economía solidaria entre si, e entre estas e outros consumidores responsables. Os seus actores son, por tanto, os produtores da economía solidaria (cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción, asociacións con actividade económica, fundacións de intervención social, autónomos socialmente responsables...), os comercializadores e distribuidores destes bens (cooperativas de consumo e de servizos, tendas de comercio xusto, tendas virtuais...), os consumidores responsables (sexan estas mesmas empresas ou outras, ademais de individuos, administracións, escolas, entidades...) e as entidades de financiamento e moeda alternativos (banca ética, cooperativas de servizos financeiros, bonos solidarios, comunidades de autofinanciamento, redes de intercambio con moeda social...).

Este mercado é aínda hoxe moi incipiente. O obxectivo último sería que o mercado social satisfíxese as necesidades de toda a poboación e, en consecuencia,

substituíse o mercado capitalista actual. Para avanzar cara a este fito, trátase de que cada vez máis necesidades do sector económico



solidario (produtores e consumidores) sexan cubertas polo sector mesmo. De feito, representa aplicar sistematicamente unha das ferramentas máis importantes que ten a economía solidaria para existir e desenvolverse: a intercooperación, concretada en tal caso en facer que cada empresa da economía solidaria compre, venda e se financie, tanto como sexa posible, dentro do mesmo sector.

Participar no mercado social é moitas cousas ao mesmo tempo: unha cuestión de coherencia entre o que pensamos e o que facemos; unha forma de mellorar a viabilidade de cada empresa do sector, que pode gañar clientes e reducir custos, e finalmente, tamén unha estratexia para avanzar cara a outra economía máis xusta, democrática e sustentable.

Que é o seguro ético e solidario?

A necesidade de crear un sistema asegurador ético nace ao constatar a escasa transparencia do sector, a excesiva burocratización dos procesos de percepción dos seguros, a inequidade de moitos dos seus contratos, así como a súa crecente vinculación co sector financeiro.

O seguro ético e solidario introduce no mercado asegurador as prácticas éticas e solidarias propias da banca ética. Os seus principios básicos son a mutualidade, a transparencia e a equidade. A mutualidade baséase na solidariedade entre as persoas e implica que calquera pode ser beneficiario dunha cobertura aseguradora independentemente do seu potencial de risco. A transparencia implica a achega de información puntual, clara e comprensible sobre todas as características do contrato, e tamén sobre a política do axente asegurador e o destino dos seus investimentos. A equidade require que o criterio adoptado para establecer a prima sexa igual para todo o mundo e válido universalmente. Finalmente, para considerar que unha compañía aseguradora se comporta dunha maneira ética e solidaria, necesita apostar polo investimento socialmente responsable e aplicar unha política de responsabilidade social.

EthSI, o selo do seguro ético e solidario



Para identificar as compañías aseguradoras e os produtos que cumpren uns estándares éticos e solidarios e facilitar a progresiva implantación do seguro ético e solidario, o Observatorio das Finanzas Éticas, promovido e coordinado desde FETS (Finançament Ètic i Solidari), creou o selo EthSI (Ethical and Solidarity based Insurance), o primeiro selo europeo de calidade de xestión ética e solidaria para empresas aseguradoras e un dos poucos que hai no mundo.

O selo rexistra o bo comportamento ético, tanto de compañías de seguros como de empresas comercializadoras e, ademais, certifica a calidade eco-social dos seguros que ofrece, de persoas ou de danos. Os criterios de referencia para o rexistro das entidades son catro: desenvolver unha política de responsabilidade social corporativa e que esta sexa avaliada por un axente externo; dispor dun comité ético ou ben ser unha entidade de economía social e solidaria; ser usuaria das finanzas éticas, e ter investimentos eticamente orientados. Doutra banda, os criterios de referencia para a certificación dos produtos aseguradores son tres: o fomento da sustentabilidade social, a transparencia e o fomento da sustentabilidade ambiental.

A certificación de EthSI para os produtos e o rexistro para as compañías aseguradoras e para os xestores corresponden a un comité avaliador independente, formado por dez especialistas vinculados á economía solidaria e á cooperación internacional.

Para máis información: www.ethsi.net

Arç, correduría rexistrada polo Observatorio das Finanzas Éticas

En 2009, Arç Corredoria d'Assegurances solicitou ao Observatorio das Finanzas



Éticas e Solidarias ser rexistrada como entidade xestora de seguros éticos e solidarios. Como é preceptivo, o Observatorio estudou o caso e posteriormente derivouno ao comité avaliador que, na súa sesión de xuño daquel mesmo ano, aprobou a solicitude.

Desde entón, Arç está rexistrado no Observatorio das Finanzas Éticas como mediador certificado para comercializar o seguro ético e solidario (EthSI), co máximo nivel de rexistro, e convértese na primeira correduría europea rexistrada para a comercialización do seguro ético e solidario.